

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>)

CELEBRADA O DÍA 26 DE XULLO DE 2018

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIRAS/OS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. ARGIMIRO SERÉN MERA

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

DONA SONIA OUTÓN CASAL

D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN

DONA LUZ M^a ABALO PÉREZ

DONA ROCÍO A. LLOVO DEL RÍO

DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO

D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ

DONA ANA M^a GRANJA GUILLÁN

D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE

DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL

D. MANUEL MÉNDEZ VARELA

D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ

DONA MARÍA MOSQUERA LEAL

D. XAVIER RÍOS GONZÁLEZ

DONA LUCÍA CESAR VELOSO

D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA

D. MIGEL ALVES LAGO

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 horas do día 26 de xullo de 2018, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 28 de xuño de 2018.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes xuño de 2018.
3. Toma de coñecemento do informe do 2º trimestre 2018 de morosidade, ao abeiro do disposto na Lei 5/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
4. Comparecencia da Concelleira de Urbanismo (Dona Paola María Mochales) e do Concelleiro de Seguridade e Tráfico (D. Juan A. Pérez Callón) en relación coas obras da Praza de Galicia.
5. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
6. Aprobación, se procede, do expediente nº02/MSI/2018 de modificación de saldos iniciais de dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados por prescrición.
7. Aprobación, se procede, do investimento plurianual “Renovación de barandillas no entorno de Vista Alegre 2ª Fase”, subvencionado pola Deputación Provincial.
8. Ratificación, se procede, de aprobación realizada pola FPSDM da memoria de actividades deportivas levadas a cabo durante o ano 2017.
9. Aprobación inicial, se procede do Regulamento municipal das Prazas de Abastos.
10. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, relativa a modificación da Lei de Portos de Galicia.
11. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, para declarar persoas non gratas aos compoñentes da “manada”.
12. Aprobación, se procede, da moción conxunta presentada polos grupos políticos municipais de Esquerda Unida-Son e Somos Maioría, para a declaración dos membros da “manada” como persoas non gratas neste Concello.
13. Aprobación, se procede, da moción conxunta presentada polos grupos políticos municipais de Esquerda Unida-Son e Somos Maioría, para demandar a fin dos espectáculos tauromáquicos na provincia de Pontevedra e no territorio galego.
14. Interpelacións dos grupos políticos EU e Somos Maioría sobre o estado do paseo marítimo.
15. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
16. Rogos e preguntas.
17. Quenda de rogos e preguntas entre o público asistente á sesión.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 28 DE XUÑO DE 2018..- Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta correspondente á sesión plenaria de data 28 de xuño de 2018.

Déixase pendente a aprobación para a próxima sesión plenaria ordinaria.

2. TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES XUÑO DE 2018..- Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE DATAS ANTERIORES:

- 1 Aprobación de liquidacións cargos xerados no mes de marzo
- 1 Aprobación de liquidacións cargos xerados no mes de abril
- 1 Aprobación de liquidacións cargos xerados no mes de maio

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE XUÑO DE 2018:

- | Nº | DESCRICIÓN |
|----|--|
| 2 | Aceptación cesión terreos |
| 1 | Concesión de licenza para amoreamento elementos de terraza de establecemento de hostalería na vía pública. |
| 1 | Concesión de licenza para instalación de terraza en establecemento de hostalería. |
| 1 | Aceptación comunicación previa para desenvolvemento de actividade . |
| 6 | Aceptación comunicación previa para cambio de titularidade e desenvolvemento de actividade |
| 26 | Aceptación comunicación previa para obras |
| 1 | Concesión cambio titularidade licenza de obra. |
| 1 | Concesión obras acometida na rede de canalización de gas |
| 1 | Concesión licenza de obra para reparación da rede de telecomunicacións |
| 2 | Desestimento á tramitación do expediente de licenza de obra. |
| 3 | Concesión licenza para colocación de todos/rótulos. |
| 20 | Concesión de licenza de obra de ampliación da rede de telecomunicacións |
| 1 | Concesión licenza de segregación dunha parcela |
| 12 | Concesión licenza de obra |
| 1 | Concesión licenza obra para vertido á rede de saneamento municipal |
| 9 | Concesión de licenza de primeira ocupación e/ou acometidas ás redes de auga e/ou saneamento. |
| 3 | Imposición de multa coercitiva por incumprimento de resolución |
| 2 | Arquivo expediente de reposición da legalidade |
| 1 | Requirimento aportación informe-ditame seguridade elementos exteriores de edificación |
| 2 | Orde para solicitar licenza municipal de legalización de obras. |
| 1 | Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística. |
| 1 | Iniciar expediente de orde de execución |
| 1 | Orde eliminación de construción engadida sen licenza |
| 1 | Caducidade procedemento de reposición da legalidade |
| 1 | Aprobación Plan de seguridade e saúde. |
| 1 | Aprobación gato corrente a aportación ao Plan de Pensións do mes de maio. |
| 1 | Designación de Secretaria Xeral accidental |
| 1 | Corrección erro na Resolución da adscrición provisional funcionarios conserxes de colexios e determinación de períodos de vacacións. |
| 1 | Determinación período de vacacións anuais a funcionario Policía Local. |
| 1 | Aprobar gato relativo a taxa por publicación de anuncio bases no BOP |
| 4 | Deducción proporcional de haberes por ausencias non xustificadas de empregados/as alumnos/as do Obradoiro. |
| 1 | Recoñecemento e aboamento en nómina de gratificación por festivos |
| 1 | Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos en domingo. |

- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos en xornada nocturna
- 2 Concesión de gratificación especial por realización función de categoría superior.
- 2 Nomeamento de funcionario/a interino/a.
- 1 Corrección erro nas retribucións dos contratos dos auxiliares da Policía Local.
- 3 Aprobación de Bases de selección
- 3 Iniciación de oficio de expedientes sancionadores de tráfico
- 14 Aprobación de expedientes de modificación de créditos de xeración de créditos de natureza non tributaria.
- 1 Aprobación de expedientes de modificación de créditos de transferencias de créditos
- 9 Orde de pago de facturas
- 1 Aprobación de liquidacións cargos xerados no mes de xuño
- 5 Concesión de fraccionamento de débeda
- 2 Concesión de licenza para tenza de animais potencialmente perigosos
- 2 Representación e defensa dos intereses do Concello exercida polo letrado en procedemento xudicial
- 7 Autorización para realización de concertos/actuacións ao aire libre.
- 4 Autorización para celebración de bailes e verbenas populares gratuítos
- 2 Cambio titularidade de fincas no catastro inmobiliario
- 1 Resolución DECA Reforma y humanización Praza da Independencia.

TOTAL: 172

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180726&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3. TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME DO 2º TRIMESTRE 2018 DE MOROSIDADE, AO ABEIRO DO DISPOSTO NA LEI 5/2010, DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004 DE 29 DE DECEMBRO POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS. Dáse conta do ditame emitido pola , en sesión celebrada o día 23 de xullo de 2018, do seguinte teor

Dáse conta do Informe trimestral de Tesourería e da Intervención Municipal, do segundo trimestre de 2018, emitido segundo o previsto na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, no que se indica:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	1.512.051,82	547.505,12
Investimentos reais	176.704,73	170.756,80
Outros pagos realizados por operacións comerciais		4.751,70
Sen desagregar		
TOTAL	1.688.756,55	723.013,62

Xuros de demora pagados no trimestre: 0,00

Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	956.987,31	232.099,69
Investimentos reais	357.780,09	14.765,63
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Pendientes de aplicar a Orzamento	189.464,57	23.806,71
TOTAL	1.504.231,97	270.672,03

Período medio de pago:40,13 días

Dáse conta do informe da Interventora da Fundación de Deportes, no que se indica:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	104.717,81	178,11
Investimentos reais	0,00	
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Sen desagregar		
TOTAL	104.717,81	178,11

Xuros de demora pagados no trimestre: 0,00

Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	34.868,87	0,00
Investimentos reais	1.997,00	
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Pendientes de aplicar ao orzamento	6.975,01	
TOTAL	43.840,88	

Período medio de pago: 36,19 días

A comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180726&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4. COMPARECENCIA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO (DONA PAOLA MARÍA MOCHALES) E DO CONCELLEIRO DE SEGURIDADE E TRÁFICO (D. JUAN A. PÉREZ CALLÓN) EN RELACIÓN COAS OBRAS DA PRAZA DE GALICIA. : Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 25 de xuño de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta do acordo do Pleno da Corporación Municipal de data 31 de maio de 2018 de aprobación de moción dos grupos políticos municipais de EU e Somos Maioría de comparecencia ante o Pleno da Corporación para informar sobre o deseño da obra e a modificación practicada e sobre o papel dos/as alumnos/as do Obradoiro de Emprego nesa modificación, e se esa participación cumpriu todos os requisitos laborais e normativos aos que se deben acoller os obradoiros de emprego e a súa programación.

A Comisión queda sabedora.

A seguir comparecen a Concelleira de Urbanismo e o Concelleiro de Seguridade e Tráfico.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180726&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5. TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Non figura presentada ningunha solicitude de participación cidadá.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180726&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE N°02/MSI/2018 DE MODIFICACIÓN DE SALDOS INICIAIS DE DEREITOS PENDENTES DE COBRO DE EJERCICIOS PECHADOS POR PRESCRICIÓN.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 23 de xullo de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía do seguinte teor:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vistos os informes de Intervención e de Tesourería dos expedientes TES 2018/TES/134 e INT/2018/119-1 nos que en síntese ponse de manifesto a existencia de dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados, susceptibles de anulación por prescripción, e en consecuencia a necesidade de adoptar acordos de regularización ou axustes contables, mediante procedemento xeral nos termos da Base 44ª das BEO.

Visto que a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local (Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, ICAL en adiante), establece como fins da contabilidade, entre outros, subministrar a información económica e financeira que sexa necesaria para a toma de decisións e establecer o balance da entidade contable, poñendo de manifesto a composición e situación do seu patrimonio, así como as variacións, e determinar os resultados da entidade contable dende o punto de vista patrimonial.

Visto que un dos principios contables públicos da IGAE, é a necesidade de que a información contable reflicta a situación económico financeira da entidade da forma máis razoada e aproximada posible, para conseguir o obxectivo da imaxe fiel.

En consecuencia, en base aos informes técnicos incorporados ao expediente, e co fin de dar cumprimento aos obxectivos contables expostos, esta Alcaldía propón ó Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de modificación de saldos iniciais de dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados por prescripción **N°02/MSI/2018**, polos importes, conceptos e exercicios que de seguido se relacionan segundo o Anexo I o informe da Tesourería municipal que obra no expediente:

OPERACIÓN	CONCEPTO	ANO	DESCRIPCIÓN	IMPORTE/€
120170004707	30200	2005	TAXA RECOLLIDA DO LIXO, LIQ.	216,00
120170004714	11300	2005	PADRÓN IMPOSTO BENS INMOBLES URBANOS	2.319,91
120170004713	11500	2005	PADRÓN IMPOSTO VEHÍCULOS TRACCIÓN MECÁNICA	3.109,05
120170004708	30100	2005	PADRÓN SUMIDOIROS	257,55
120170004706	30200	2005	PADRÓN RECOLLIDA DO LIXO	604,80

120170004703	33100	2005	PADRÓN ENTRADA CARRUAXES	21,99
TOTAL ANO 2005				6.529,30
120170004695	30100	2005	TAXA SUMIDOIROS LIQ.	216,00
120170004693	30200	2005	TAXA RECOLLIDA DO LIXO, LIQ.	149,15
120170004699	11300	2005	PADRÓN IMPOSTO BENS INMOBLES URBANOS	1.300,00
120170004694	30100	2005	PADRÓN SUMIDOIROS	418,00
120170004692	30200	2005	PADRÓN RECOLLIDA DO LIXO	1.791,00
120170004688	33100	2005	PADRÓN ENTRADA CARRUAXES	161,43
TOTAL ANO 2006				4.035,58
120170004682	11300	2007	IMPOSTO BENS INMOBLES URBANOS, LIQ.	2.484,70
120170004675	30100	2007	TAXA SUMIDOIROS LIQ.	36,00
120170004683	11300	2007	PADRÓN IMPOSTO BENS INMOBLES URBANOS	4.989,48
120170004681	11500	2007	PADRÓN IMPOSTO VEHÍCULOS TRACCIÓN MECÁNICA	3.951,80
120170004676	30100	2007	PADRÓN SUMIDOIROS	533,00
120170004674	30200	2007	PADRÓN RECOLLIDA DO LIXO	2.499,84
120170004679	11600	2007	IMPOSTO INCREMENTO VALOR TERRENOS URBANOS, LIQ.	2.129,39
TOTAL ANO 2007				16.624,21
120170004650	30100	2008	TAXA SUMIDOIROS LIQ.	214,50
120170004648	30200	2008	TAXA RECOLLIDA DO LIXO, LIQ.	474,40
120170004552	11300	2008	PADRÓN IMPOSTO BENS INMOBLES URBANOS	5.302,70
120170004658	11500	2008	PADRÓN IMPOSTO VEHÍCULOS TRACCIÓN MECÁNICA	5.200,80
120170004651	30100	2008	PADRÓN SUMIDOIROS	685,95
120170004649	30200	2008	PADRÓN RECOLLIDA DO LIXO	2.797,32
120170004642	33100	2008	PADRÓN ENTRADA CARRUAXES	27,59
TOTAL ANO 2008				14.703,26
120170004555	11500	2009	IMPOSTO VEHÍCULOS TRACCIÓN MECÁNICA LIQ.	88,40
120170004627	30100	2009	TAXA SUMIDOIROS LIQ.	36,00
120170004625	30200	2009	TAXA RECOLLIDA DO LIXO, LIQ.	90,60
120170004554	11300	2009	PADRÓN IMPOSTO BENS INMOBLES URBANOS	6.839,30
120170004556	11500	2009	PADRÓN IMPOSTO VEHÍCULOS TRACCIÓN MECÁNICA	6.999,75
120170004628	30100	2009	PADRÓN SUMIDOIROS	943,55
120170004626	30200	2009	PADRÓN RECOLLIDA DO LIXO	3.076,32
120170004619	33100	2009	PADRÓN ENTRADA CARRUAXES	27,59
120170004633	11600	2009	IMPOSTO INCREMENTO VALOR TERRENOS URBANOS, LIQ.	4.488,05
TOTAL ANO 2009				22.589,56
120170004607	11300	2010	IMPOSTO BENS INMOBLES URBANOS, LIQ.	1.747,34
120170004595	30200	2010	TAXA RECOLLIDA DO LIXO, LIQ.	48,00
120170004608	11300	2010	PADRÓN IMPOSTO BENS INMOBLES URBANOS	6.067,65
120170004604	11500	2010	PADRÓN IMPOSTO VEHÍCULOS TRACCIÓN MECÁNICA	7.613,25

120170004598	30100	2010	PADRÓN SUMIDOIROS	882,15
120170004596	30200	2010	PADRÓN RECOLLIDA DO LIXO	3.669,72
120170004588	33100	2010	PADRÓN ENTRADA CARRUAXES	245,65
120170004602	11600	2010	IMPOSTO INCREMENTO VALOR TERRENOS URBANOS, LIQ.	1.137,07
TOTAL ANO 2010				21.410,83
120170004575	11300	2011	IMPOSTO BENS INMOBLES URBANOS, LIQ.	345,38
120170004576	11300	2011	PADRÓN IMPOSTO BENS INMOBLES URBANOS	4.322,66
120170004558	11500	2011	PADRÓN IMPOSTO VEHÍCULOS TRACCIÓN MECÁNICA	4.504,65
120170004550	30100	2011	PADRÓN SUMIDOIROS	980,54
120170004548	30200	2011	PADRÓN RECOLLIDA DO LIXO	3.971,34
120170004563	33100	2011	PADRÓN ENTRADA CARRUAXES	225,66
120170004573	11600	2011	IMPOSTO INCREMENTO VALOR TERRENOS URBANOS, LIQ.	1.280,48
TOTAL ANO 2011				15.630,71
120170004498	11300	2012	IMPOSTO BENS INMOBLES URBANOS, LIQ.	156,19
120170004523	30200	2012	TAXA RECOLLIDA DO LIXO, LIQ.	51,12
120170004499	11300	2012	PADRÓN IMPOSTO BENS INMOBLES URBANOS	7.184,48
120170004502	11500	2012	PADRÓN IMPOSTO VEHÍCULOS TRACCIÓN MECÁNICA	1.621,10
120170004522	30100	2012	PADRÓN SUMIDOIROS	966,90
120170004524	30200	2012	PADRÓN RECOLLIDA DO LIXO	2.392,02
120170004530	33100	2012	PADRÓN ENTRADA CARRUAXES	538,88
TOTAL ANO 2012				12.910,69
120170004506	30100	2013	TAXA SUMIDOIROS LIQ.	37,60
120170004512	11500	2013	PADRÓN IMPOSTO VEHÍCULOS TRACCIÓN MECÁNICA	646,85
120170004505	30100	2013	PADRÓN SUMIDOIROS	786,50
120170004479	30200	2013	PADRÓN RECOLLIDA DO LIXO	1.317,84
120170004486	33100	2013	PADRÓN ENTRADA CARRUAXES	294,04
TOTAL ANO 2013				3.082,83
TOTAL EXPEDIENTE				117.516,97

SEGUNDO: Respecto ás recargas así como os xuros de demora e demais gastos derivados das liquidacións para as que propónse a baixa por prescrición serán dados de baixa na aplicación de ingresos por tornarse de contido imposible ao extinguirse o principal do que derivan.

TERCEIRO: Expoñer ao público o expediente mediante anuncio no BOP por un prazo de 15 días hábiles co fin de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen oportunas en defensa dos seus intereses, transcorrido o prazo sen terse presentado alegacións entenderase definitivamente aprobado, debendo publicarse a elevación do acordo de aprobación inicial a definitiva, en senso contrario se procederá ao estudo das alegacións presentadas para a súa posterior resolución plenaria.

Vilagarcía de Arousa, 18 de xullo de 2018

O ALCALDE

Alberto Varela Paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do Expediente nº 02/MSI/2018 de modificación de saldos iniciais de dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados por prescrición.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con dezaseis votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), PP (7) e Somos Maioría (1) e cinco abstencións pertencentes ós membros dos grupos políticos municipais de EU (2), BNG (2) e Concelleiro non adscrito (1).

ACÓRDASE: Por maioría:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de modificación de saldos iniciais de dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados por prescrición **Nº02/MSI/2018**, polos importes, conceptos e exercicios que de seguido se relacionan segundo o Anexo I o informe da Tesourería municipal que obra no expediente:

OPERACIÓN	CONCEPTO	ANO	DESCRIPCIÓN	IMPORTE/€
120170004707	30200	2005	TAXA RECOLLIDA DO LIXO, LIQ.	216,00
120170004714	11300	2005	PADRÓN IMPOSTO BENS INMOBLES URBANOS	2.319,91
120170004713	11500	2005	PADRÓN IMPOSTO VEHÍCULOS TRACCIÓN MECÁNICA	3.109,05
120170004708	30100	2005	PADRÓN SUMIDOIROS	257,55
120170004706	30200	2005	PADRÓN RECOLLIDA DO LIXO	604,80
120170004703	33100	2005	PADRÓN ENTRADA CARRUAXES	21,99
TOTAL ANO 2005				6.529,30
120170004695	30100	2005	TAXA SUMIDOIROS LIQ.	216,00
120170004693	30200	2005	TAXA RECOLLIDA DO LIXO, LIQ.	149,15
120170004699	11300	2005	PADRÓN IMPOSTO BENS INMOBLES URBANOS	1.300,00
120170004694	30100	2005	PADRÓN SUMIDOIROS	418,00
120170004692	30200	2005	PADRÓN RECOLLIDA DO LIXO	1.791,00
120170004688	33100	2005	PADRÓN ENTRADA CARRUAXES	161,43
TOTAL ANO 2006				4.035,58
120170004682	11300	2007	IMPOSTO BENS INMOBLES URBANOS, LIQ.	2.484,70
120170004675	30100	2007	TAXA SUMIDOIROS LIQ.	36,00
120170004683	11300	2007	PADRÓN IMPOSTO BENS INMOBLES URBANOS	4.989,48
120170004681	11500	2007	PADRÓN IMPOSTO VEHÍCULOS TRACCIÓN MECÁNICA	3.951,80
120170004676	30100	2007	PADRÓN SUMIDOIROS	533,00
120170004674	30200	2007	PADRÓN RECOLLIDA DO LIXO	2.499,84
120170004679	11600	2007	IMPOSTO INCREMENTO VALOR TERRENOS URBANOS, LIQ.	2.129,39
TOTAL ANO 2007				16.624,21
120170004650	30100	2008	TAXA SUMIDOIROS LIQ.	214,50
120170004648	30200	2008	TAXA RECOLLIDA DO LIXO, LIQ.	474,40

120170004552	11300	2008	PADRÓN IMPOSTO BENS INMOBLES URBANOS	5.302,70
120170004658	11500	2008	PADRÓN IMPOSTO VEHÍCULOS TRACCIÓN MECÁNICA	5.200,80
120170004651	30100	2008	PADRÓN SUMIDOIROS	685,95
120170004649	30200	2008	PADRÓN RECOLLIDA DO LIXO	2.797,32
120170004642	33100	2008	PADRÓN ENTRADA CARRUAXES	27,59
TOTAL ANO 2008				14.703,26
120170004555	11500	2009	IMPOSTOVEHÍCULOS TRACCIÓN MECÁNICA LIQ.	88,40
120170004627	30100	2009	TAXA SUMIDOIROS LIQ.	36,00
120170004625	30200	2009	TAXA RECOLLIDA DO LIXO, LIQ.	90,60
120170004554	11300	2009	PADRÓN IMPOSTO BENS INMOBLES URBANOS	6.839,30
120170004556	11500	2009	PADRÓN IMPOSTO VEHÍCULOS TRACCIÓN MECÁNICA	6.999,75
120170004628	30100	2009	PADRÓN SUMIDOIROS	943,55
120170004626	30200	2009	PADRÓN RECOLLIDA DO LIXO	3.076,32
120170004619	33100	2009	PADRÓN ENTRADA CARRUAXES	27,59
120170004633	11600	2009	IMPOSTO INCREMENTO VALOR TERRENOS URBANOS, LIQ.	4.488,05
TOTAL ANO 2009				22.589,56
120170004607	11300	2010	IMPOSTO BENS INMOBLES URBANOS, LIQ.	1.747,34
120170004595	30200	2010	TAXA RECOLLIDA DO LIXO, LIQ.	48,00
120170004608	11300	2010	PADRÓN IMPOSTO BENS INMOBLES URBANOS	6.067,65
120170004604	11500	2010	PADRÓN IMPOSTO VEHÍCULOS TRACCIÓN MECÁNICA	7.613,25
120170004598	30100	2010	PADRÓN SUMIDOIROS	882,15
120170004596	30200	2010	PADRÓN RECOLLIDA DO LIXO	3.669,72
120170004588	33100	2010	PADRÓN ENTRADA CARRUAXES	245,65
120170004602	11600	2010	IMPOSTO INCREMENTO VALOR TERRENOS URBANOS, LIQ.	1.137,07
TOTAL ANO 2010				21.410,83
120170004575	11300	2011	IMPOSTO BENS INMOBLES URBANOS, LIQ.	345,38
120170004576	11300	2011	PADRÓN IMPOSTO BENS INMOBLES URBANOS	4.322,66
120170004558	11500	2011	PADRÓN IMPOSTO VEHÍCULOS TRACCIÓN MECÁNICA	4.504,65
120170004550	30100	2011	PADRÓN SUMIDOIROS	980,54
120170004548	30200	2011	PADRÓN RECOLLIDA DO LIXO	3.971,34
120170004563	33100	2011	PADRÓN ENTRADA CARRUAXES	225,66
120170004573	11600	2011	IMPOSTO INCREMENTO VALOR TERRENOS URBANOS, LIQ.	1.280,48
TOTAL ANO 2011				15.630,71
120170004498	11300	2012	IMPOSTO BENS INMOBLES URBANOS, LIQ.	156,19
120170004523	30200	2012	TAXA RECOLLIDA DO LIXO, LIQ.	51,12
120170004499	11300	2012	PADRÓN IMPOSTO BENS INMOBLES URBANOS	7.184,48
120170004502	11500	2012	PADRÓN IMPOSTO VEHÍCULOS TRACCIÓN MECÁNICA	1.621,10
120170004522	30100	2012	PADRÓN SUMIDOIROS	966,90
120170004524	30200	2012	PADRÓN RECOLLIDA DO LIXO	2.392,02

120170004530	33100	2012	PADRÓN ENTRADA CARRUAXES	538,88
TOTAL ANO 2012				12.910,69
120170004506	30100	2013	TAXA SUMIDOIROS LIQ.	37,60
120170004512	11500	2013	PADRÓN IMPOSTO VEHÍCULOS TRACCIÓN MECÁNICA	646,85
120170004505	30100	2013	PADRÓN SUMIDOIROS	786,50
120170004479	30200	2013	PADRÓN RECOLLIDA DO LIXO	1.317,84
120170004486	33100	2013	PADRÓN ENTRADA CARRUAXES	294,04
TOTAL ANO 2013				3.082,83
TOTAL EXPEDIENTE				117.516,97

SEGUNDO: Respecto ás recargas así como os xuros de demora e demais gastos derivados das liquidacións para as que propónse a baixa por prescrición serán dados de baixa na aplicación de ingresos por tornarse de contido imposible ao extinguirse o principal do que derivan.

TERCEIRO: Expoñer ao público o expediente mediante anuncio no BOP por un prazo de 15 días hábiles co fin de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen oportunas en defensa dos seus intereses, transcorrido o prazo sen terse presentado alegacións entenderase definitivamente aprobado, debendo publicarse a elevación do acordo de aprobación inicial a definitiva, en senso contrario se procederá ao estudo das alegacións presentadas para a súa posterior resolución plenaria.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180726&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INVESTIMENTO PLURIANUAL “RENOVACIÓN DE BARANDILLAS NO ENTORNO DE VISTA ALEGRE 2ª FASE”, SUBVENCIONADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL. : Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 23 de xullo de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta do informe da Intervención Municipal en relación coa aprobación do investimento plurianual “Renovación de barandillas no entorno de Vista Alegre II”, incluído na convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2018-2019), liña 1.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG, somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do Investimento plurianual “Renovación de barandillas no entrono de Vista Alegre 2ª Fase”, subvencionado pola Deputación Provincial por un importe total de 101.500,00 €, correspondendo acontía de 50.750,00 € á anualidade de 2018 e a contía de 50.750,00 e á anualidade de 2019.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar o Investimento plurianual “Renovación de barandillas no entrono de Vista Alegre 2ª Fase”, subvencionado pola Deputación Provincial por un importe total de 101.500,00 €, correspondendo acontía de 50.750,00 € á anualidade de 2018 e a contía de 50.750,00 e á anualidade de 2019.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180726&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8. RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DE APROBACIÓN REALIZADA POLA FPSDM DA MEMORIA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS LEVADAS A CABO DURANTE O ANO 2017.:

Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 23 de xullo de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta do acordo do Consello Reitor da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, de data 7 de xuño de 2018 do seguinte teor:

Polo Sr. Director Deportivo fai un breve resumo do contido da memoria de actividades realizadas durante o ano 2017 e, indica que no expediente están todas as actividades que se realizaron ao longo do ano 2017, desglosadas nos seguintes apartados:

1º.- ACTIVIDADES PARA NENOS/AS

- 1.1.- Escola Deportiva de Psicomotricidade.
 - 1.1.1.- Curso 2016-17.
 - 1.1.2.- Curso 2017-18.
- 1.2.- Escola Multideportiva.
 - 1.2.1.- Curso 2016- 17.
 - 1.2.2.- Curso 2017- 18.
- 1.3.- Escola Deportiva de Base.
 - 1.3.1.- Curso 2016-17.
 - 1.3.2.- Curso 2017-18.
- 1.4.- Escolas Náuticas Municipais
 - 1.4.1.- Escola de Vela
 - 1.4.2.- Escola de Piragüismo
 - 1.4.3.- Escola de Remo

2º.- ACTIVIDADES FÍSICA RECREATIVAS PARA ADULTOS

- 2.1.- 2º Curso de actividades de adultos 2016-17.
 - 2.1.1.- Curso de Ximnasia de mantemento.
 - 2.1.2.- Curso de Ximnasia acuática.
 - 2.1.3.- Curso de Aeróbic.
 - 2.1.4.- Curso de Badminton.
 - 2.1.5.- Curso de Tai Chi.
 - 2.1.6.- Curso de loga.
 - 2.1.7.- Curso de Pilates.
 - 2.1.8.- Curso de Ximansia Funcional.
 - 2.1.9.- Curso de Circuito Training.
- 2.2.- 3º Curso de actividades de adultos 2016-17.
 - 2.2.1.- Curso de Ximnasia de mantemento.
 - 2.2.2.- Curso de Ximnasia acuática.
 - 2.2.3.- Curso de Aeróbic.
 - 2.2.4.- Curso de Badminton.
 - 2.2.5.- Curso de Tai Chi.
 - 2.2.6.- Curso de loga.
 - 2.2.7.- Curso de Pilates.
 - 2.2.8.- Curso de Ximansia Funcional.

- 2.2.9.- Curso de Circuito Training.
- 2.3.- 1º Curso de actividades de adultos 2017-2018.
 - 2.3.1.- Curso de Ximnasia de mantemento.
 - 2.3.2.- Curso de ximnasia acuática.
 - 2.3.3.- Curso de Aeróbic.
 - 2.3.4.- Curso de Badminton.
 - 2.3.5.- Curso de Tai chi.
 - 2.3.6.- Curso de Ioga.
 - 2.3.7.- Curso de Pilates.
 - 2.3.8.- Curso de Ximnasia Funcional.
 - 2.3.9.- Curso de Circuito Training.
 - 2.3.9.- Curso de Estiramientos e relaxación.

3º.- ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE VERÁN

- 3.1.- Actividades Físico-deportivas.
- 3.2.- Escola Multideportiva.
- 3.3.- Competicións deportivas.
 - 3.3.1.- XXI Torneo de Fútbol Praia.
 - 3.3.2.- XV Torneo de Tenis de Verán.
 - 3.3.3.- I Torneo de Badminton de verán.
 - 3.3.4.- XIV Carreira Nocturna.
 - 3.3.5.- XXV Memorial Adolfo Pedrido de xadrez.
- 3.4.- Vilagarcía a Mares.
 - 3.4.1.- XXXV Travesía a nado ao Porto de Vilagarcía.
 - 3.4.2.- LIV Travesía a nado ao Porto de Vilaxoan.
 - 3.4.3.- XIII Bandeira Concello de Vilagarcía de traiñas.

4º.- OUTROS EVENTOS DEPORTIVOS.

- 4.1.- Eventos coorganizados pola Fundación de Deportes.
- 4.2.-Eventos organizados por Entidades deportivas con colaboración da Fundación de Deportes.

Prodúcese un pequeno debate e unha vez finalizadas todas as intervencións o Consello Reitor por unanimidade, acorda aprobar a Memoria de Actividades realizadas durante o ano 2017 e remiti-la ao Pleno-Concello, para a súa ratificación, se procede.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP0, BNG e Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais de EU e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a ratificación da Memoria de actividades deportivas levadas a cabo pola FPSDM durante o ano 2017.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: a ratificación da aprobación realizada pola FPSDM da memoria de actividades deportivas levadas a cabo durante o ano 2017.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180726&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9. APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE DO REGULAMENTO MUNICIPAL DAS PRAZAS DE ABASTOS.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 23 de xullo de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta do Regulamento Municipal das Prazas de Abastos motivada pola necesidade de modificación do regulamento anterior e proceder á súa adecuación ás necesidades que require a obrigada modernización das estruturas comerciais da cidade de Vilagarcía de Arousa.

Dáse conta da tramitación do mesmo, que é a seguinte:

- a. Aprobación inicial polo Pleno da Corporación por maioría simple.
- b. Información pública con publicación no B.O.P. e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.
- c. Resolución de tódalas reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno. No caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional.
- d. A entrada en vigor producirase tras a súa publicación íntegra no B.O.P. e unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles desde esta, polo posible impugnación polo Estado ou a Comunidade Autónoma.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación inicial do Regulamento Municipal das Prazas de Abastos.

- Auséntase o Sr. Mouriño Santiago.

- A Sra. Llovo del Río propón as seguintes correccións:

No Art. 23. Causas de extinción das concesións: facer constar enfermidade grave.

No Art. 32 Faltas Leves, apartado d) indicar o “incumprimento”.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde, coas correccións indicadas, da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o Regulamento Municipal das Prazas de Abastos

SEGUNDO: Expoñer ao público o texto aprobado inicialmente obxecto da mediante a publicación do anuncio de exposición ao público durante o prazo de 30 días no BOP, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial deste Regulamento obxecto da proposta, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal.

TERCEIRO: Os acordos de aprobación definitiva, incluídos os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro do Regulamento, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e entrarán en vigor unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo de 15 días hábiles desde esta, pola posible impugnación polo Estado ou Comunidade Autónoma.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180726&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVA A MODIFICACIÓN DA LEI DE PORTOS DE GALICIA. : Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 23 de xullo de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do BNG coa data de 17 de xullo de 2018, do seguinte teor:

MOCIÓN RELATIVA A MODIFICACIÓN DA LEI DE PORTOS DE GALIZA

O grupo municipal do BNG de Vilagarcía de Arousa, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal,

presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno relativa a **modificación da lei de portos de Galiza.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza conta cunha gran cantidade de portos e instalacións portuarias, e ten a densidade portuaria máis alta da península ibérica, que fan que o sector portuario galego sexa un sector estratéxico cun gran potencial e que até agora, desde que en 1981 o Estatuto contemplara a competencia exclusiva no sector e deixando a un lado de maneira aberrante aos portos de interese xeral, non foi aproveitada.

A pesares destas características, o sistema portuario galego non foi regulado por unha lei específica ate que o ano pasado aprobose a Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galiza. Despois de terse feito agardar tantos anos, resultou decepcionante, pois non respondeu nin as expectativas nin as necesidades deste sector estratéxico, e ademais estase a demostrar prexudicial para o futuro do sector portuario galego.

Esta lei, destaca polo seu claro afán recadatorio e por terse realizado de costas ás entidades locais. Son

moitos os concellos que na actualidade están a expresar o seu malestar polas abusivas tarifas que Portos de Galiza está a cobrar pola realización de actividades no espazo público portuario, que, ao cabo e na maioría dos casos é un espazo totalmente integrado no espazo urbano do concello e son as propias entidades locais as que se encargan do mantemento do espazo, da recollida do lixo, etc. Neses espazos realízanse múltiples actividades plenamente inseridas na dinámica social local, como festas, eventos deportivos ou mercados que deben pagar unhas abusivas taxas a Portos de Galiza para poder realizarse.

A meirande parte delas realízanse en espazos urbanos que, a pesares de estar baixo a xestión de Portos de Galiza, nada teñen que ver coa actividade portuaria. Así, existen espazos como alamedas ou paseos

plenamente integrados no entramado urbano local, e que, principalmente debido a recheos, forman parte de Portos de Galiza sen que exista unha razón obxectiva para que así sexa, xa que logo, consideramos que a titularidade destes espazos debería ser transferida aos concellos.

De cara a paliar a nula participación dos concellos nas decisións relativas ás materias que resulten de relevancia tanto para o concello como para Portos de Galiza, propoñemos a creación do Órgano de Coordinación Portuario Municipal, onde estarán representados tanto o goberno local como Portos de Galiza.

Este órgano sería o encargado de articular as relacións entre a administración portuaria e as administracións municipais cuxos municipios dispoñan de porto, mediante a toma de decisións conxunta nas materias que resulten de relevancia para ambas administracións.

Por último a citada lei contempla un abusivo réxime de prohibicións e sancionador que cremos necesario modificar, en especial no referido ao baño e a pesca, actividades que deberían quedar eximidas destes citados

réximes. Consideramos que a pesca deportiva debería quedar excluída da prohibición que rexe sobre o desenvolvemento de actividades marisqueiras e pesqueiras nas augas interiores do porto constitutivas da denominada “zona I”.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal de Vilagarcía de Arousa a adopción do seguinte

ACORDO

O pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa insta á Xunta de Galiza a realizar as modificacións legislativas oportunas de xeito que:

1. As autorizacións para instalacións de lecer e similares propostas polas entidades locais e entidades sen ánimo de lucro, non lles será de aplicación os artigos 59, 60, 61, 62, 63 e 64 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galiza, de xeito que ditas entidades queden exentas do pago das taxas pola realización de actividades no denominado dominio publico portuario tanto a administracións locais como a entidades sen ánimo de lucro.
2. Se cree o Órgano de Coordinación Portuario Municipal como instrumento de participación institucional e social en materia de portos, onde estarán representados tanto o goberno local como Portos de Galiza.
3. Se leve a cabo un procedemento entre Concellos e Portos de Galiza -previa solicitude do concello interesado- co obxecto de transferir a titularidade aos Concellos dos espazos de dominio público portuario que estean integrados nos cascos urbanos das vilas e cidades e que non teñan uso portuario.
4. Se modifique o réxime sancionador contemplado na Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galiza, de cara a reducir as abusivas sancións que esta contempla, e nomeadamente suprimir do réxime sancionador as actividades de bañarse ou mergullarse nas augas interiores do porto e pescar desde os peiraos ou con calquera tipo de arte nas dársenas e augas portuarias, cando iso non estea expresamente desautorizado.
5. Se exclúa á pesca deportiva da prohibición que rexe sobre o desenvolvemento de actividades marisqueiras e pesqueiras nas augas interiores do porto constitutivas da denominada “zona I”.

Vilagarcía de Arousa, 17 de xullo de 2018

Xabier Ríos

Portavoz municipal do Bng.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do BNG informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, EU, Somos Maioría e Concelleiro Non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo municipal do BNG relativa á modificación da Lei de Portos de Galicia.

- Polo Grupo Municipal de Somos Maioría preséntase a seguinte emenda para a redacción do punto 4:

4. Se modifique o réxime sancionador contemplado na Lei 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galiza, de cara a reducir as abusivas sancións que esta contempla.

- Incorporase o Sr. Mouriño Santiago.

Polo Grupo Municipal do BNG acéptase a emenda presentada.

Sometido a votación a moción polo Sr. Alcalde, coa emenda presentada, da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con catorce votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (7), EU (2), BNG (2), Somos Maioría (1) e Concelleiro non adscrito (1) e seter votos en conta pertencentes ós membros do grupo político municipal do PP

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción do grupo municipal do BNG e instar á Xunta de Galiza a realizar as modificacións lexislativas oportunas de xeito que:

1. As autorizacións para instalacións de lecer e similares propostas polas entidades locais e entidades sen ánimo de lucro, non lles será de aplicación os artigos 59, 60, 61, 62, 63 e 64 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galiza, de xeito que ditas entidades queden exentas do pago das taxas pola realización de actividades no denominado dominio publico portuario tanto a administracións locais como a entidades sen ánimo de lucro.
2. Se cree o Órgano de Coordinación Portuario Municipal como instrumento de participación institucional e social en materia de portos, onde estarán representados tanto o goberno local como Portos de Galiza.
3. Se leve a cabo un procedemento entre Concellos e Portos de Galiza -previa solicitude do concello interesado- co obxecto de transferir a titularidade aos Concellos dos espazos de dominio público portuario que estean integrados nos cascos urbanos das vilas e cidades e que non teñan uso portuario.
4. Se modifique o réxime sancionador contemplado na Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galiza, de cara a reducir as abusivas sancións que esta contempla.
5. Se exclúa á pesca deportiva da prohibición que rexe sobre o desenvolvemento de actividades marisqueiras e pesqueiras nas augas interiores do porto constitutivas da denominada "zona I".

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180726&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

Procédese ao debate conxuntos dos puntos nº 11 e 12 da orde do día, procedendo á súa votación de forma individual.

11. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, PARA DECLARAR PERSOAS NON GRATAS AOS COMPOÑENTES DA "MANADA".: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 23 de xullo de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do BNG coa data de 17 de xullo de 2018, do seguinte teor:

MOCIÓN PARA DECLARAR PERSOAS NON GRATAS AOS COMPOÑENTES DA "MANADA"

O grupo municipal do BNG de Vilagarcía de Arousa, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno relativa a declaración de persoas non gratas no concello de Vilagarcía de Arousa aos compoñentes da "manada".

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado venres, 21 de xuño, a Audiencia Provincial de Iruña acordou pór en liberdade aos cinco agresores (violadores), autodenominados "A Manada", condenados por ter sometido a unha moza de 18 anos a reiterados actos sexuais, por parte de todos eles, en contra da súa vontade e

facendo uso da súa condición de superioridade: numérica, física e de idade, durante os Sanfermíns de 2016.

Estes feitos foron cualificados xuridicamente como abusos sexuais por parte do mentado tribunal que lle levou a condenar a 9 anos de prisión aos acusados. Que vén de completarse coa decisión de non prorrogarlles a prisión preventiva ante a gravidade do sucedido, polo que dende o venres 22 de xuño están na rúa. O tribunal emprega argumentacións difíciles de entender por parte da sociedade en xeral como se ten demostrado na rúa, e polo movemento feminista, en concreto.

É coñecido e notorio que A Manada non ten amosado o máis mínimo arrepentimento pola súa aborrecida pero habitual práctica. De feito, os cinco teñen defendido publicamente o seu desprezo pola vítima e sitúan o acontecido nun plano de normalización, elevando o sucedido a consentimento, a pesar de que ninguén o entende.

E como reacciona o Tribunal? Acordando que aos agresores deben manterse a 500 km de distancia da vítima. En definitiva, coa súa decisión, os maxistrados confinan á moza nunha suposta furna de cristal, e permite a libre deambulación dos condenados por todas partes do territorio que consideren. Nesta situación, cabería preguntarse, pois logo, quen é o condenado: a vítima ou os seus agresores?

Non está demais lembrar que as Corporacións municipais son a expresión do mandato cidadá, e á marxe

quedaríamos da sociedade se non recollemos o clamor da rúa, o pensar e sentir de miles de mulleres e homes,

ante a inxusta resolución a esta situación tan grave, que vai contra a liberdade de máis do 50% da poboación deste Estado: as mulleres.

Non só apoiamos todas as mobilizacións convocadas; rubricamos todos os manifestos e colaboramos en todas accións de rexeitamento que se teñan ou se vaian organizar, canalizando, a través dos instrumentos

democráticos, ese clamor cidadá. Chegou o momento de dar un paso máis, e que sexan as Corporacións Locais as que, de motu propio, poñan o seu gran de area na denuncia desta inxustiza social e sumarse, por

iniciativa propia, ao berro cidadá polo caso da Manada. É o momento de declarar persoas non gratas nos nosos concellos a:

- José Ángel Prenda Martínez
- Alfonso Jesús Cabezuelo Entrena
- Jesús Escudero Domínguez
- Ángel Boza Florido
- Antonio Manuel Guerrero Escudero

Para deixar claro o rexeitamento aos agresores en todo o país, porque a sociedade entende que si foi un feito moi grave. É necesario e urxente o entendemento da xustiza e a sociedade en temas tan sensíbeis; e con este feito, trasladamos a solidariedade e arroupo á vítima, para que non se sinta nin culpábel, nin sinalada nin condeada.

As agresións sexuais son a arma máis empregada para librar esta guerra contra as mulleres que, non era sen tempo, xa se vai facendo máis visíbel, e por fin deixou de ocupar espazos de recheo para situarse nos

titulares de apertura dos medios de comunicación. A loita feminista das últimas décadas foi vital para iso.

O caso da Manada é o cumio do iceberg e debemos aproveitalo para visibilizar os centos de casos anónimos que suceden ao noso arredor con moita máis frecuencia da que nos pensamos; e por parte de homes que non están enfermos. Que saiban todas as vítimas anónimas que estamos con elas e que non nos doen menos. E que todos e todas entendamos que o silencio nos condena.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal de Vilagarcía de Arousa a adopción do seguinte

ACORDO

1. A declaración de persoas non gratas no Concello de Vilagarcía de Arousa a:

- José Ángel Prenda Martínez
- Alfonso Jesús Cabezuelo Entrena

- Jesús Escudero Domínguez
- Ángel Boza Florido
- Antonio Manuel Guerrero Escudero

2. Dar traslado deste acordo plenario á representación legal dos cinco condenados a nove anos de prisión pola agresión sexual xulgada na Audiencia Provincial de Iruña.

3. Dar traslado deste acordo plenario á representación legal da vítima para que sexa coñecedora do apoio real que ten.

Vilagarcía de Arousa, 17 de xullo de 2018

Xabier Ríos

Portavoz municipal do Bng.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do BNG, EU e Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP e Concelleiro Non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo municipal do BNG para declarar persoas non gratas aos compeñentes da “manada”.

- Polo Grupo Municipal do PSG-PSOE presentase a seguinte emenda ás mocións:

1. Que o Concello de Vilagarcía de Arousa declare PERSOAS NON GRATAS aos membros da manada, no momento no que exista unha sentenza condenatoria firme.

- O Grupo Municipal do BNG acepta a emenda presentada.

- Os Grupos Municipais de EU e Somos Maioría aceptan a emenda presentada.

Sometido a votación a moción polo Sr. Alcalde, coa emenda presentada, da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE a aprobación da moción presentada polo grupo municipal do BNG e:

1. Que o Concello de Vilagarcía de Arousa declare PERSOAS NON GRATAS aos membros da manada, no momento no que exista unha sentenza condenatoria firme:

- José Ángel Prenda Martínez
- Alfonso Jesús Cabezuelo Entrena
- Jesús Escudero Domínguez
- Ángel Boza Florido
- Antonio Manuel Guerrero Escudero

2. Dar traslado deste acordo plenario á representación legal dos cinco condenados a nove anos de prisión pola agresión sexual xulgada na Audiencia Provincial de Iruña.

3. Dar traslado deste acordo plenario á representación legal da vítima para que sexa coñecedora do apoio real que ten.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180726&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN CONXUNTA PRESENTADA POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DE ESQUERDA UNIDA-SON E SOMOS MAIORÍA, PARA A DECLARACIÓN DOS MEMBROS DA “MANADA” COMO PERSOAS NON GRATAS NESTE CONCELLO.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 23 de xullo de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polos grupos municipais de EU e Somos Maioría, coa data de 5 de xullo de 2018, do seguinte teor:

Jesús López Rodríguez e Gaspar Antonio González Somoza, concelleiros e voceiros do Grupo Municipal de EU-Son e de Somos Maioría Vilagarcía (PDDdG) respectivamente, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexan propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do 26 de xullo de 2018, a seguinte moción

MOCIÓN PARA A DECLARACIÓN DOS MEMBROS DA “MANADA” COMO PERSOAS NON GRATAS NO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Estes días estamos vendo como moitos concellos galegos están a declarar non gratos os membros da denominada “Manada”. Son actos institucionais que reflicten a indignación que este caso, e outros semellantes, están provocando na sociedade. É polo tanto un acto institucional de repulsa social contra estes abusos machistas e de violencia de xénero.

Os actos horribles destes membros da “Manada” foron xulgados e condenados, pero a sociedade debe reforzar os parámetros educativos e pedagóxicos contra todo tipo de abusos machistas. Este é un dos obxectivos deste tipo de mocións e declaracións institucionais.

Tamén estes días viamos con estupefacción e indignación como parte dos estamentos xudiciais do Estado están tendo un comportamento infame e indigno, mesmo parecendo ter un trato de favor ante este tipo de delitos gravísimos. Todo isto evidencia a necesidade de incluír a perspectiva de xénero na Xustiza.

A mesma indignación que causou a posta en liberdade, baixo fianza, destes membros e incluso o coñecemento na opinión pública de que un dos membros pretendeu fuxir do territorio estatal.

Por todo isto, propónselle ao Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa a asunción dos seguintes

ACORDOS

1• Que o Concello de Vilagarcía de Arousa declare PERSOAS NON GRATAS os membros da “Manada”.

2• Que se traslade o acordo á FEGAMP para demandar que todos os Concellos galegos que aínda non o fixeran tamén os declaren PERSOAS NON GRATAS.

En Vilagarcía de Arousa, a 5 de xullo de 2018

Jesús López Rodríguez
EU-Son

Gaspar Antonio González Somoza
Somos Maioría Vilagarcía (PDDdG)

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais de EU e Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción conxunta presentada polos grupos municipais de EU e Somos Maioría, para a declaración dos membros da “Manada” como persoas non gratas neste Concello.

Sometido a votación a moción polo Sr. Alcalde, coa emenda presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE, da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE a aprobación da moción presentada polos grupos municipais de EU e Somos Maioría e:

1. Que o Concello de Vilagarcía de Arousa declare PERSOAS NON GRATAS aos membros da manada, no momento no que exista unha sentenza condenatoria firme.
2. Que se traslade o acordo á FEGAMP para demandar que todos os Concellos galegos que aínda non o fixeran tamén os declaren PERSOAS NON GRATAS.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180726&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN CONXUNTA PRESENTADA POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DE ESQUERDA UNIDA-SON E SOMOS MAIORÍA, PARA DEMANDAR A FIN DOS ESPECTÁCULOS TAUROMÁQUICOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA E NO TERRITORIO GALEGO. : Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 23 de xullo de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polos grupos municipais de EU e Somos Maioría, coa data de 18 de xullo de 2018, do seguinte teor:

Jesús López Rodríguez e Gaspar Antonio González Somoza, concelleiros e voceiros do Grupo Municipal de EU-Son e de Somos Maioría Vilagarcía (PDDdG) respectivamente, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexan propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do 26 de xullo de 2018, a seguinte moción

MOCIÓN PARA DEMANDAR A FIN DOS ESPECTÁCULOS TAUROMÁQUICOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA E NO TERRITORIO GALEGO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A nova Lei de Benestar Animal, que entrou en vigor o pasado 11 de xaneiro, volve excluír a realización de touradas e outros “espectáculos” tauromáquicos do seu eido de aplicación, posibilitando que estas barbaries continúen a ter presenza na nosa provincia cun estraño amparo normativo que contradí a opinión da inmensa maioría da veciñanza.

A esta norma únese a aparición da Lei de Espectáculos Públicos que, aínda prohibindo o acceso das persoas menores de 12 anos aos recintos pechados onde se desenvolvan os mal chamados “espectáculos” taurinos, deixa na Xunta a meirande parte das competencias para autorizar ou posibilitar a realización de touradas, soltas ou capeas, deixando os concellos practicamente con nula posibilidade de negar o seu soporte a tales convocatorias de crueldade.

Así, o corpus legislativo do noso país está feito á medida do lobby taurino, quen só debe obter a connivencia da Xunta para seguir exceptuando a tortura dos animais como actividade pública mentras o 99,7% da cidadanía declara non asistir nin participar da violencia cara a un animal, como evidencia a última “Enquisa sobre Hábitos e Prácticas Culturais” elaborada polo Ministerio de Cultura, pouco sospeitoso de “antitaurino”.

Dende 2015 foron diferentes os movementos políticos e institucionais que acadaron a supresión de subsidios ao entramado tauromáquico e, de xeito case inmediato, lograron evitar que estes festexos perviviran en municipios como A Coruña, Padrón ou Sarria, onde se sumaron declaracións dende as Deputacións da Coruña e de Pontevedra pechando a billa dos cartos públicos que pagaban publicidade, material para peñas taurinas ou daban acubillo nos seus edificios a presentacións de actividades que fomentasen as touradas.

Neste tempo púxose en valor que o movemento abolicionista é maioritario, xunto coas accións tomadas noutras latitudes, como Cataluña ou as Illas Baleares, onde os seus lexítimos representantes públicos avanzaron cara á supresión da tauromaquia tal e como se coñece ata agora, regulamentando tal abolición na vontade de erradicar o sufrimento animal.

Non é coherente nunha sociedade desenvolvida que continúen a existir prácticas de recoñecida violencia cara aos animais, actividades que ao abeiro dunha suposta -e imposta- categorización como “Patrimonio Cultural Inmaterial” organizan a tortura pública dun bóvido mentras administracións públicas regan isto con cartos do peto das nosas veciñas e veciños.

Así, propoñemos para a súa aprobación polo Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO

- O Concello de Vilagarcía de Arousa instará á Xunta a realizar as modificacións legislativas oportunas para vetar a realización de eventos tauromáquicos no noso país.

En Vilagarcía de Arousa, a 18 de xullo de 2018

Jesús López Rodríguez
EU-Son

Gaspar Antonio González Somoza
Somos Maioría Vilagarcía (PDDdG)

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais de EU e Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción conxunta presentada polo grupo municipal de EU e Somos Maioría para demandar a fin dos espectáculos tauromáquicos na provincia de Pontevedra e no territorio galego.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con catorce votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), EU (2), BNG (2), Somos Maioría (1) e Concelleiro non adscrito (1), e sete abstencións dos membros pertencentes ós membros do grupo político municipal do PP (7)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polos grupos municipais de EU e Somos Maioría e instar á Xunta a realizar as modificacións legislativas oportunas para vetar a realización de eventos tauromáquicos no noso país.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180726&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14. INTERPELACIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS EU E SOMOS MAIORÍA SOBRE O ESTADO DO PASEO MARÍTIMO.

Polos Grupos políticos municipais de EU e Somos Maioría presentase a seguinte interpelación ao Pleno:

“ ¿O Concello de Vilagarcía de Arousa vai tomar medidas para verificar que os materiais empregados na primeira fase de remodelación se correspondan cos do prego de licitación da obra?

Visto o estado de actual deterioro do Paseo Marítimo ¿O Concello de Vilagarcía de Arousa estuda instar a Costas do Estado para que revise e corrixa os defectos con cargo á fianza correspondente á empresa adxudicataria?

¿O Concello de Vilagarcía de Arousa ten coñecemento da data de inicio da segunda fase de remodelación do Paseo Marítimo? ¿Qué medidas pensa tomar o Concello para evitar que as actuais eivas do Paseo Marítimo non se repitan nesta segunda fase?

- Contesta á interpelación a Sra. María Mochales.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180726&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15. MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180726&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

16. ROGOS E PREGUNTAS. Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180726&punto=16>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

17. QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE O PÚBLICO ASISTENTE Á SESIÓN.

Por parte do público asistente fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180726&punto=17>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 20:30 horas, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.